



## ENFERMIDADE HEMORRÁXICA EPIZOÓTICA - NOTA INFORMATIVA XERAL

### INTRODUCCIÓN

A Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE) é unha enfermidade infecciosa producida por un **virus que se transmite aos animais a través da picadura de mosquitos do xénero Culicoides, spp**, os mesmos mosquitos que transmiten a Lingua Azul.

Afecta especialmente a cervos, gamos e corzos aínda que tamén a bovinos e ovinos (moi raramente a cabrúns). **Non afecta ao home**. Por outra banda, o **consumo de produtos animais (carne ou leite)** de animais infectados **non ten ningunha repercusión sobre a saúde humana**.

**Non é contaxiosa entre os animais**; a única vía de transmisión, cando circula o virus, é a través da picadura de mosquitos, e polo tanto a súa aparición nos animais se produce mentres o mosquito vector estea circulando no medioambiente. Existe polo tanto un **período de circulación de vector (aproximadamente desde abril a decembro**, dependendo das condicións climáticas de cada ano) e un período de ausencia de circulación do vector, e por tanto de enfermidade, nos meses de inverno.

É unha enfermidade grave en cérvidos (principalmente cervos, menos en corzos ou gamos). No gando vacún pode presentarse clínica moderada, con febre, perda de apetito, edema facial (basicamente conxuntival), secreción ocular e/ou nasal, salivación, dificultade respiratoria, eritema ou descamación do fociño, coxeira e eritema da ubre, síntomas que normalmente desaparecen en aproximadamente 2 semanas. En todo caso, moitas veces as infeccións do gando bovino son subclínicas, non presentando síntomas.

O gando ovino, aínda que pode infectarse, é pouco sensible á aparición de sintomatoloxía clínica. O gando cabrún é moi pouco susceptible á infección.

A pesar de que nas especies domésticas adoita cursar cunha sintomatoloxía leve, está incluída na listaxe de enfermidades de declaración obrigatoria na Unión Europea, que impón medidas en relación cos movementos de animais sensibles con orixe en zonas afectadas, co fin de evitar a súa propagación a outros territorios da Unión Europea.

Cómpre sinalar que **non existe vacina nin tratamento curativo específico fronte ao virus da EHE**, aínda que si é posible realizar tratamento sintomático aos animais que o precisen, e pódense administrar produtos que fortalezan o seu sistema inmunitario.



## EVOLUCIÓN E SITUACIÓN

A EHE está presente en América do Norte, Asia, África e Oceanía pero nunca fora notificada en Europa ata novembro de 2022, cando foi detectada en Córcega, Sicilia e tamén en España, nas provincias de Cádiz e Sevilla.

No noso país, a partir do mes de xullo de 2023, conforme comezou a circular de novo o mosquito transmisor no medioambiente, apareceron novos casos no sur da península, detectándose sucesivamente focos cada vez máis ao norte. Os últimos máis próximos a Galicia foron notificados na provincia de Zamora hai escasos días.

No mapa que se xunta pódense ver as zonas de España que a 31/08/2023 presentan restricións ou condicións de movementos de bovinos, ovinos e cabrúns, debido á existencia de focos de EHE:



Mapa 2: Provincias con restriccións de EHE para comercio intracomunitario

As ditas zonas inclúen as Comunidades Autónomas de Andalucía, Extremadura, Castela-A Mancha, Madrid, Murcia e Valencia; na Comunidade Autónoma de Castela e León, as provincias de Ávila, Salamanca, Segovia, Soria, Valladolid e Zamora, e na Comunidade Autónoma de Aragón, a provincia de Teruel.

Nestas zonas, está restrinxido o movemento directo para vida (non así para sacrificio) cara a outros Estados membros da UE de animais bovinos, ovinos e cabrúns, de acordo coo establecido no Regulamento Delegado (UE) 2020/688 da Comisión, de 17 de decembro de 2019. Como excepción, tras o Acordo Hispano-Portugués de marzo de 2023, se permite o movemento libre de animais das especies sensibles a EHE entre as zonas restrinxidas de ambos países, independentemente de que se trate de época estacionalmente libre ou non.

Respecto aos movementos nacionais dende a zona afectada cara a zona libre, os vehículos deben estar desinsectados, e no caso de traslados para vida, os animais deben vir tratados cun repelente ou desinsectante, sempre con ausencia de sintomatoloxía nos animais.



En **Galicia non foron detectados focos ata agora**, pero tendo en conta a difusión da enfermidade cara o norte, a existencia en Galicia do mosquito responsable da súa transmisión e a ausencia de vacina ou tratamento medicamentoso específico fronte o virus causante, **non é descartable a súa presenza nun futuro próximo**.

### **MEDIDAS A LEVAR A CABO**

As únicas medidas preventivas posibles a tomar respecto a esta enfermidade serán:

- Evitar na medida do posible os movementos cara a Galicia de bovinos, ovinos ou cabrúns con orixe nas zonas afectadas en España.
- Evitar a existencia de posibles zonas de cría do mosquito transmisor nas explotacións, fundamentalmente zonas con lama ou materia orgánica húmida, de predilección para estes mosquitos.
- Utilizar preventivamente desinsectantes ou repelentes nas instalacións, nos medios de transporte ou nos animais, nos casos que se considere oportuno.

No caso de que sexa necesario realizar movementos de animais das especies sensibles cara a Galicia, con orixe nas zonas afectadas:

- Comprobar que nos traslados de bovinos, ovinos e cabrúns os animais non presentan signos da enfermidade e o traslado se realiza en vehículos desinsectados. Se se trata de traslados para vida, os animais tamén deben vir tratados cun repelente ou desinsectante.

Estes requisitos manteranse ata que chegue o período de ausencia de circulación do mosquito no medioambiente, que entendemos que comezará no mes de decembro.

**No caso de detectar animais con sintomatoloxía compatible coa enfermidade, debe comunicarse esta circunstancia de xeito inmediato aos Servizos Veterinarios Oficiais (SVO) da Consellería do Medio Rural.**

Nestes enlaces pódese atopar máis información sobre esta enfermidade:

<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/gandaria/sanidade-animal/programas-oficiais/enfermidade-hemorragica-epizootica-ehe>

[https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/sanidad-animal-higiene-ganadera/sanidad-animal/enfermedades/hemorragica-epizootica/Enfermedad\\_hemorragica\\_epizootica.aspx#:~:text=Lista%20de%20insecticidas%20de%20uso%20en%20entorno%20ganadero](https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/sanidad-animal-higiene-ganadera/sanidad-animal/enfermedades/hemorragica-epizootica/Enfermedad_hemorragica_epizootica.aspx#:~:text=Lista%20de%20insecticidas%20de%20uso%20en%20entorno%20ganadero)

Para calquera aclaración, poden contactar cos servizos veterinarios oficiais nas Oficinas Rurais da Consellería do Medio Rural.

Santiago de Compostela, a 4 de setembro de 2023

Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias